



As constelacións da polarización: unha sociedade do desencontro

Sebastián Mora Rosado¹

1.- Introducción

No ano 2023 a FundéuRAE elixiu «polarización» palabra do ano. Argumentaban que a presenza reiterada no discurso político, nos diversos espazos comunicativos e nas conversas cotiás xustificaban tal decisión. Ademais, era un termo, seguían expoñendo, que experimentara unha notábel evolución no seu significado e alcance. Xorde no ámbito da física, pasa ao contexto da análise económica e aterra na linguaxe política e cotiá «para aludir a situacións nas que hai dúas opinións ou actividades moi definidas e distanciadas (en referencia aos pólos), en ocasións coas ideas implícitas de crispación e confrontación»².

Pero por desgraza, a polarización non é unha dinámica social e política propia do estado español, senón que adquire dimensión global. Un exemplo é o subtítulo do último Informe sobre desenvolvemento humano do PNUD: «Imaxinar de novo a cooperación nun mundo polarizado»³. É máis, os exemplos de sociedades polarizadas da nosa contorna non son estraños e mesmo cunha maior intensidade ca o noso. EE. UU. é un exemplo paradigmático, especialmente desde a irrupción de Trump; a Gran Bretaña do

1 Sebastián Mora Rosado é Doutor en socioloxía pola U. de Zaragoza, licenciado en Filosofía pola U. Pontificia Comillas onde é profesor na Facultade de Teoloxía.

2 <https://www.fundeu.es/recomendacion/polarizacion-palabra-del-ano-2023-para-la-fundeurae/> (consulta 25/05/2024)

3 https://www.undp.org/sites/g/files/zskgke326/files/2024-03/hdr_2024.pdf (consulta 25/05/2024)